

Informe sobre o Índice de Producción Industrial


Datos correspondentes a xullo de 2025

Data de publicación: 10 /09/2025

Principais resultados

- En xullo de 2025, o Índice de produción industrial (IPI) rexistrou un aumento interanual do 6,3 % en Galicia e do 2,3 % en España.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 12,9 %, os bens de equipo un 1,6 % e os bens intermedios un 6,5 %. Pola súa parte, a enerxía incrementouse un 4,6 %.
- Por ramas de actividade, as contribucións positivas máis destacables corresponden a: "Fabricación de bebidas" que aporta 1,8 puntos e "Industria da alimentación" que achega 1,2 puntos.

Taxas de variación interanual (%)



1. Índice xeral e por destino económico dos bens


O Índice de produción industrial aumentou un 6,3 % en taxa interanual en xullo de 2025; en España, incrementouse o 2,3 %.

- Os bens de consumo aumentaron o 12,9 %, cunha repercusión de 3,5 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa de crecemento do 1,6 %, aportando 0,5 puntos á taxa total.
- Os bens intermedios aumentan un 6,5 %, cunha repercusión positiva de 1,5 puntos.
- Por último, a enerxía, que aumenta un 4,6 %, suma 0,7 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Xullo de 2025

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	99,7	6,3	1,0
Bens de consumo	123,4	12,9	4,8
Bens de equipo	111,0	1,6	9,4
Bens intermedios	93,1	6,5	-0,8
Enerxía	69,4	4,6	-11,5

Contribucións á taxa de variación do índice xeral



2. Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o incremento interanual do 6,3 % débese principalmente á contribución positiva de 18 ramas.

Entre as ramas con contribucións positivas (7,6 puntos) as principais ramas foron:

- "Fabricación de bebidas" (29,5 % e suma 1,8 puntos).
- "Industria da alimentación" (7,9 % e suma 1,2 puntos).

No que respecta ás contribucións negativas (-1,3 puntos) destacan:


- "Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n." (-15,8 %, resta 0,9 puntos).
- "Outras industrias extractivas" (-4,3 %, resta 0,1 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en 12 comunidades autónomas neste mes de xullo. As comunidades con taxas máis positivas foron Castela e León (10,1%) e Andalucía (9,9%). Pola contra, as maiores baixadas presentáronse en Extremadura (-9,4 %) e Comunidade Valenciana (-1,9 %).

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Xullo de 2025

Taxas de variación (%)



4. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5. Anexo cadros

Cadro 1. Índice de produción industrial. Xullo de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	99,7	6,3	1,0		
Bens de consumo	123,4	12,9	4,8	3,5	1,1
Bens de equipo	111,0	1,6	9,4	0,5	2,8
Bens intermedios	93,1	6,5	-0,8	1,5	-0,2
Energía	69,4	4,6	-11,5	0,7	-2,8

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	110,1	2,3	0,6		
Bens de consumo	113,5	2,2	0,4	0,6	0,1
Bens de equipo	114,5	-1,1	-1,1	-0,3	-0,3
Bens intermedios	103,0	3,0	0,4	0,9	0,1
Energía	112,9	5,6	3,5	1,1	0,6

Fonte: INE

Cadro 2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Xullo de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-15,8	-0,9	-6,9	-0,3	2,8
Outras industrias extractivas	-4,3	-0,1	-9,7	-0,1	1,1
Industria do papel	-4,8	-0,1	-0,6	0,0	1,2
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-17,0	-0,1	-19,9	-0,1	1,0
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	-0,3	0,0	-0,9	0,0	4,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	5,8	0,0	-15,0	-0,1	0,5
Outras industrias manufactureiras	-5,7	0,0	8,5	0,1	0,7
Industria téxtil	9,0	0,1	-10,8	-0,1	0,8
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	9,3	0,2	7,7	0,2	2,3
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	5,3	0,2	-4,5	-0,1	3,2
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	27,4	0,2	33,8	0,2	0,8
Fabricación de mobles	14,6	0,2	-2,2	0,0	1,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	3,4	0,2	3,3	0,2	4,8
Industria química	19,3	0,3	1,0	0,0	1,9
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	13,1	0,3	-9,5	-0,3	5,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2,3	0,3	13,5	1,9	13,3
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2,7	0,3	-13,1	-2,6	19,4
Confección de roupa de vestir	16,8	0,4	18,2	0,4	1,8
Fabricación doutro material de transporte	27,3	0,5	16,2	0,3	1,9
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	8,4	0,8	9,8	0,8	8,6
Industria da alimentación	7,9	1,2	4,4	0,6	14,9
Fabricación de bebidas	29,5	1,8	5,6	0,3	3,8

Fonte: INE

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais

Cadro 3. IPI por Comunidades Autónomas. Xullo de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	110,08	2,3	0,6
Andalucía	118,84	9,9	7,3
Aragón	121,43	4,5	3,5
Asturias, Principado de	93,48	8,3	5,4
Baleares, Illas	127,05	2,1	5,7
Canarias	124,89	1,1	-1,3
Cantabria	90,82	-1,7	-1,2
Castela e León	115,21	10,1	2,4
Castela-A Mancha	113,73	-0,7	0,1
Cataluña	112,59	-0,2	-1,1
Comunidade Valenciana	100,40	-1,9	-1,3
Estremadura	113,13	-9,4	0,4
Galicia	99,72	6,3	1,0
Madrid, Comunidade de	117,06	1,9	-0,1
Murcia, Rexión de	110,57	0,8	0,7
Navarra, Comunidade Foral de	90,79	0,1	-1,8
País Vasco	104,86	2,0	-2,0
Rioxa, A	104,73	0,1	1,8

Fonte: INE